

Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****MEAÑO****Subvencións e axudas**

SUBVENCIONES A ASOCIACIONES E ENTIDADES INSCRITAS NO REXISTRO DA ASOCIACIONES DO CONCELLO DE MEAÑO EJERCICIO 2026 (GASTOS CORRENTES)

BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONES EN CONCORRENCIA COMPETITIVA A ASOCIACIONES E ENTIDADES INSCRITAS NO REXISTRO E ASOCIACIONES DO CONCELLO DE MEAÑO NO EJERCICIO 2026. (GASTOS CORRENTES).

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 10 de agosto de 2026, acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrència competitiva a asociacións e entidades inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello de Meaño no exercicio 2026; mediante o presente anuncio procédese a súa convocatoria, tendo en conta que o prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES EN CONCORRENCIA COMPETITIVA A ASOCIACIONES E ENTIDADES INSCRITAS NO REXISTRO DE ASOCIACIONES DO CONCELLO DE MEAÑO NO EJERCICIO 2026 (Gastos correntes: actividades complementarias da educación, cultura, ocio e tempo libre, promoción do asociacionismo do comercio minorista e festexos populares).

Segundo establece o artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, na medida no que o permitan os recursos orzamentarios, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

A este respecto, tendo en conta o sinalado neste artigo e ao abeiro da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia, regulamentos de desenvolvemento, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello de Meaño, no marco do Plan Estratéxico de Subvencións procede a regular o procedemento para a concesión de axudas a entidades/ asociacións que cumpran coas condicións establecidas nestas bases.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QVIF0704R84TRL7



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

PRIMEIRA.— OBXECTO.

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria pública por parte do Concello de Meaño para a tramitación e concesión de subvencións, mediante o procedemento ordinario en réxime de concorrència competitiva, destinadas apoiar ás asociacións e entidades sen animo de lucro na realización de actividades nos seguintes ámbitos/liñas :

- a) Actividades complementarias da educación: dirixido ao financiamento de gastos correntes derivados de actos e actividades complementarios da educación e, en xeral, os gastos que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada. Considerándose subvencionables gastos derivados de ludotecas, actividades extraescolares, actividades de reforzo educativo, actividades de lecer, culturais ou similares, no ámbito escolar e nos niveis de escolarización obrigatoria organizados polas ANPAS dos centros educativos de Meaño.
- b) Cultura: dirixido a proxectos tendentes a:
 - 1) Fomento de actos folclóricos, festivais e semellantes e de calquera outra actividade relacionada coa formación e coa expresión artística ou semellantes.
 - 2) Actividades puntuais ou de carácter permanente no eido do cultura e formativo en tódalas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, encontros, obradoiros, cursos, audiovisuais, conferencias, xornadas ou semellantes.
 - 3) Actuacións dirixidas á realización das celebracións de festas etnográficas, tradicionais e de valor histórico, gastronómico e cultural: Entroido, maios, S. Xoán, magosto, cabalgata de reis ou semellantes.
 - 4) Considerándose subvencionables os gastos correntes de seguros, transportes, entradas, premios, agasallos, aluguer de equipos, material, publicidade, monitores, poñentes e grupos ou artistas participantes, adquisición de vestiario adscrito á actividade, mantemento de instrumentos e, en xeral, os gastos que respondan de xeito indubidable a natureza da actividade subvencionada.
- c) Ocio e tempo libre: dirixido a proxectos tendentes ao desenvolvemento de actividades de fomento da actividade física, deportiva, lúdicas e de lecer, incluídas excursións e viaxes que desenvolvan as asociacións de carácter lúdico, organización de eventos; considerándose subvencionables gastos correntes de seguros, transportes, entradas, premios, agasallos, aluguer de equipos e material e publicidade, monitores, poñentes e grupos ou artistas participantes, e en xeral os gastos que respondan de xeito indubidable a natureza da actividade subvencionada.
- d) Promoción do asociacionismo do comercio minorista: dirixido ao financiamento gastos correntes de promoción de comercio minorista do Concello de Meaño, considerándose subvencionables os seguintes gastos:
 - Asesoría
 - Formación
 - Material de funxible e non inventariable



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

- Alugueiro de instalacións e equipos.
 - Eventos de promoción comercial
 - Campañas publicitarias
 - Seguros
- e) Festexos populares: dirixida ao financiamento de festas, festexos, encontros veciñais ou verbenas populares, considerándose subvencionables os gastos correntes de seguros, transportes, entradas, premios, agasallos, aluguer de equipos, material, publicidade, monitores, poñentes e grupos ou artistas participantes, adquisición de vestiario adscrito á actividade, mantemento de instrumentos e, en xeral, os gastos que respondan de xeito indubidable a natureza da actividade subvencionada.

Quedan excluídos da presente convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto deste programa de subvencións as actividades subvencionadas, no mesmo exercicio, a través de subvencións nominativas previstas nas Bases de execución.

Serán subvencionables os gastos correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2025 e o 30 de novembro de 2026.

As asociacións e entidades poderán solicitar subvención para un máximo de dúas actividades debendo presentar unha solicitude completa, coa documentación que proceda en cada caso, por cada solicitude.

SEGUNDA.— FINANCIAMENTO.

A concesión destas axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria convocándose, con cargo ao orzamento do concello para o ano 2026, as subvencións que de seguido se detallan:

<i>Gastos correntes nas seguintes liñas</i>	<i>APLICACIÓN</i>	<i>IMPORTE</i>
Actividades complementarias de educación	326-48000201	3.000,00 €
Cultura	334-4800001	15.000,00 €
Ocio e tempo libre	337-4800001	5.500,00 €
Festexos populares	338-4800001	2.500,00 €
Promoción do asociacionismo do comercio minorista	4314-4800001	3.000,00 €
TOTAL		29.000,00 €

TERCEIRA.— BENEFICIARIOS E REQUISITOS.

Poderán solicitar estas axudas as asociacións e entidades que reúnan os seguintes requisitos:

1. Carecer de fins de lucro.
2. Ter o seu domicilio social no termo municipal de Meaño e figurar inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.
3. Desenvolver as súas actuacións no ámbito territorial do municipio e/ou que afecten a colectivos deste Concello ou versen sobre temas de interese do Concello.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: QVIF0704R84TRL7



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

No caso de gastos de funcionamento unicamente se admitirán aqueles vinculados á realización de actividades no termo municipal de Meaño ou dos que resulten directamente beneficiarios os veciños do Concello de Meaño, resultando de aplicación o establecido na base 11.4. c) no tocante ao cálculo do gasto imputado subvencionable.

4. Non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na Lei.
5. Estar ao corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, Facenda galega, coa Seguridade Social e co Concello de Meaño.
6. Contar con seguro de responsabilidade civil ao corrente de pago.

CUARTA.— SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes formalizaranse por medios electrónicos, segundo o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos modelos normalizados que estarán a súa disposición na páxina web do Concello de www.concellodemearno.com e que deberán presentarse a través da Sede Electrónica do Concello de Meaño.

Xunto coa mesma, deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da actividade concreta que se pretende realizar, con especificación do lugar, data prevista de realización, obxectivos e número de beneficiarios, asinada electrónicamente polo Presidente/a (Anexo I).
- b) Orzamento da actividade, concreto e determinado, asinado electrónicamente (Anexo I). Na xustificación da subvención concedida, as entidades terán que acreditar a solicitude de, cando menos, tres ofertas de distintos provedores no caso de que o gasto sexa superior a 30.000,00 €.
- c) Certificación do/a Secretario/a da Asociación co visto bo do Presidente/a da composición da Xunta Directiva e data da súa elección (Anexo III), asinada electrónicamente.
- d) Declaración responsable, asinada electrónicamente, na que conste se a asociación ou entidade obtivo ou solicitou calquera outra axuda, subvención, ingresos ou recursos que financien a actividade e compromiso de comunicar ao Concello as que se obteñan nun futuro (Anexo II).
- e) Declaración responsable, asinada electrónicamente, de estar ao corrente das obrigas tributarias coa (Axencia Estatal Tributaria, Facenda galega, coa Seguridade Social e co Concello de Meaño. (Anexo II).
- f) Declaración responsable de non estar incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas e de aceptación das bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás condicións da subvención. (Anexo II).
- g) Declaración responsable, asinada electrónicamente, de que a asociación, entidade carece de fins de lucro. (Anexo II).



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

- h) Declaración responsable, asinada electrónicamente, de que a asociación conta con seguro de responsabilidade civil. (Anexo II).
- i) Certificado, asinado electrónicamente, expedido polo secretario/a da asociación co visto e prace do seu presidente relativo ao número de socios á data de publicación do extracto da convocatoria da axuda no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- j) Certificado, asinado electrónicamente, expedido polo secretario/a da asociación co visto e prace do seu presidente relativo ao número de usuarios/ beneficiarios da actividade.
- k) Certificado, asinado electrónicamente, expedido polo secretario/a da asociación co visto e prace do seu presidente relativo ao número de actividades realizadas pola asociación no exercicio anterior.

Se a solicitude remitida, acompañada da documentación, non reunise os requisitos da convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requirirase ao interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, terase por desistido, arquivándose sen máis trámites.

QUINTA.— PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN.

1.— Prazo. Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) e remitirase a convocatoria á Base Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ao BOPP do extracto desta, sen prexuízo da súa inserción na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello.

O prazo para a presentación de solicitudes será de QUINCE DIAS HÁBILES (15 días hábiles), contados a partir do día seguinte ao publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de todos os documentos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

2.— Presentación de solicitudes. As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación que se sinala na Base cuarta, electrónicamente na sede electrónica do Concello de Meaño, co enderezo [concellodemearno.sedelectronica.gal](https://sede.depo.gal), a través dos modelos normalizados que estarán a súa disposición na páxina web do Concello de www.concellodemearno.com.

SEXTA.— COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS. CONTÍA MÁXIMA. PRELACIÓN NA CONCESIÓN NO SUPOSTO DE PRESENTARSE MÁIS DUNHA SOLICITUDE DE ACTIVIDADE

As subvencións a que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións e entes públicos ou privados ou persoas físicas, pero en ningún caso o conxunto



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

das axudas e achegas recibidas poderá superar o 100% do custo da actividade ou proxecto subvencionado.

A contía da subvención por cada proxecto poderá acadar ata o 100% do custo da actividade ou da inversión para a que se conceden.

No caso de que, por unha mesma entidade/ asociación, se solicitaran axudas para dúas actividades valorarase en primeiro lugar a solicitude da actividade que conte con maior orzamento e que cumpra cos requisitos esixidos nestas bases.

SÉTIMA.— CRITERIOS DE CONCESION:

1º.— As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases valoraranse con arranxo aos seguintes criterios:

<i>Criterios de valoración</i>	<i>Puntuación máxima</i>	<i>Ponderación %</i>
Antigüidade no rexistro de asociacións do Concello	< 1 ano: 5 puntos > 1 ano e < 2 anos: 10 puntos. > 2 anos e < 5 anos: 15 puntos. > 5 anos e < 10 anos: 20 puntos. > 10 anos: 25 puntos	25 %
Nº socios	> 1 socio e < 10 socios: 5 puntos > 10 socios e < 20 socios: 10 puntos. > 20 socios e < 50 socios: 15 puntos. > 50 socios e < 100 socios: 17 puntos. > 100 socios: 20 puntos.	20 %
Nº de actuacións / actividades/ Cursos realizados no exercicio anterior	1: 3 puntos 2: 5 puntos De 3 a 5: 10 puntos. De 6 a 10: 15 puntos 10 ou mais: 20 puntos	20 %
Nº de beneficiarios/usuarios da actuación / actividade/ Curso para a que se solicita a axuda	Mais de 1 usuario e < 10 usuarios: 3 puntos Mais de 10 e < 20 usuarios: 5 puntos Mais de 20 e < 50 usuarios: 10 puntos. Mais de 50 e < 100 usuarios: 15 puntos Mais de 100 usuarios: 20 puntos	20 %
Polo grao de innovación do proxecto presentado : por tratarse se cursos/ actividades/ actuacións non subvencionadas nos 2 exercizos anteriores polo Concello	5 puntos	5 %
Por tratarse se cursos/ actividades/ actuacións que prevean a participación de persoas minúvulas, colectivos desfavorecidos, etc e adaptados ás súas necesidades DEBERÁ REFLEXARSE E XUSTIFICARSE AXEITADAMENTE NA MEMORIA	5 puntos	5 %
Outros valores especiais que a comisión avaliadora por maioría dos seus membros considere de importancia	Ate 5 puntos	5 %
Puntuación total máxima	100	100 %

2º.— O importe máximo que se poderá conceder a cada asociación/entidade por cada solicitude de axuda será o 100% do orzamento da actividade a subvencionar.



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

3º.— Sistema de reparto:

Para o reparto das axudas atenderase á puntuación obtida por cada solicitude debidamente presentada para cada apartado.

Unha vez determinada a puntuación obtida por cada solicitude de axuda, a contía total do apartado apartado será repartida proporcionalmente entre as solicitudes admitidas o mesmo ponderando a puntuación obtida por cada unha das mesmas mediante a seguinte fórmula:

$$\text{axuda} = \frac{(\text{puntuac. da solicitude a valorar}) \times (\text{contía máx. liña})}{\text{suma dos puntos obtidos por todas as solicitudes admitidas na liña}} < \text{orzam da act.}$$

Con independencia do resultado da anterior fórmula, o importe máximo que se poderá conceder a cada entidade/asociación será o 100% do orzamento da actividade a subvencionar e cun límite máximo de axuda a conceder de 3.500,00 € por cada solicitante e solicitude de axuda.

OITAVA.— TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDE E EMENDA DESTAS. NOTIFICACIÓN.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento serán realizados electrónicamente, a través da sede electrónica do Concello de Meaño en *concellodemearo.sedelectrónica.gal*.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponderalle a un/unha empregado/a municipal, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se formule a proposta de concesión.

En caso de que a documentación presentada non cumpra cos requisitos sinalados ou sexa insuficiente, farase un único requirimento para que no prazo improrrogable de 10 días se complete a documentación presentada. De non emendar os defectos nos citados prazos terase por desistida a solicitude, que se arquivará sen máis trámite.

Comprobado que os solicitantes cumpren os requisitos esixidos nestas bases e que se achega a documentación requirida darase traslado dos expedientes de solicitude á Comisión de Valoración, como órgano instrutor, que estará integrada polo Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, concelleira da área, informadora xuvenil e unha funcionaria municipal, que actuará como secretaria.

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados nas presentes bases os expedientes serán elevados a Comisión Especial de Contas, órgano avaliador, que formulará informe no que se concrete o resultado da avaliación xunto coa proposta de acordo, que conterá todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria, de:

- Concesión de axuda: facendo constar o apartado para o que se solicita a axuda, o orzamento, a axuda solicitada e o importe proposto de axuda a conceder.
- Denegación: facendo constar os motivos da mesma.



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

Corresponde á Xunta de Goberno Local resolver a concesión/ denegación das axudas.

Unha vez transcorridos seis meses a partir do día seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación da solicitude sen notificarse a resolución, os interesados estarán lexitimados para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100% do orzamento que presente a asociación ou entidade.

As notificacións de resolucións practícaranse por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común e a través da dirección electrónica habilitada.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

NOVENA.— OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Aparte das que figuran na cláusula terceira, os beneficiarios de subvencións concedidas con cargo ao Orzamento municipal teñen as seguintes obrigas:

- a) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade ou investimento e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión de subvención.
- b) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- c) Dar adecuada publicidade da axuda concedida para a actividade, actuación ou investimento obxecto de subvención (carteleira, publicidade, recortes de prensa, valados, pancartas, etc) (O escudo do Concello estará a disposición das asociacións).
- d) Os gastos que figuren na conta xustificativa serán pagados polos beneficiarios con anterioridade a presentación da xustificación da subvención.
- e) Acreditación de ter realizado o pago do/s gasto/os xustificado/os mediante transferencia bancaria para facturas por importe maior o igual a 1.000,00 € (artigo 7 da lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude). Cando sexan facturas pagadas en metálico (< 1.000,00 €), debe constar ademais o pagado ou xustificante de recepción emitido pola empresa, selado e rubricado (nome e DNI ou CIF e sinatura). De acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, se considera gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación

- f) A declarar a axuda recibida no modelo 347, nos casos en que así proceda atendendo a normativa tributaria.

DÉCIMA.— XUSTIFICACION E ABOAMENTO DAS SUBVENCIONS.

1.— As actividades correntes subvencionados deberán realizarse e ser facturadas entre o 1 de decembro de 2025 e o 30 de novembro de 2026.

As subvencións concedidas serán pagadas unha vez sexa xustificado o gasto realizado, obxecto da subvención, cos documentos xustificativos que se O prazo de presentación da xustificación das axudas concedidas rematará o 1 de decembro de 2026 (sen prexuízo de que os gastos sexan os correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2025 e o 30 de novembro de 2026, ambos incluídos).

A 31 de decembro de 2026 anularanse automaticamente tódalas subvencións pendentes de xustificar.

3.— Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100%, aboarase a parte proporcional da subvención.
- O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

4.— Para recibir as subvencións concedidas, de acordo con estas bases, cómpre presentar electrónicamente na sede electrónica do Concello de Meaño, co enderezo *concellodemearno.sedelectronica.gal*, a través dos modelos normalizados que estarán a súa disposición na páxina web do Concello de *www.concellodemearno.com*. os seguintes documentos, asinados ou conformados dixitalmente segundo se indica:

- a) Conta xustificativa dos gastos, asinada electrónicamente, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo (identificando: o proveedor, o CIF, o importe, nº de factura, data de emisión e data de pago. (Anexo IV).

Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, conformadas (de forma individual ou conxunta, de ser varias) mediante sinatura electrónica polo/a Presidente/a da asociación, con indicación do DNI. Admitíndose unicamente aquelas relativas aos gastos realizados e subvencionables que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada.

As facturas deberán de cumprir coa normativa de facturación.



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

De tratarse de gastos de monitores presentaran facturas, nóminas ou liquidacións na que se reflectan os datos persoais, concepto e o importe da prestación, o importe de retención correspondente ao IRPF e o importe líquido a percibir polo/a interesado/a xunto co xustificante do ingreso efectuado a Axencia Tributaria do importe retido e do ingreso das cotas da Seguridade social, de ser o caso. Si o gasto se produce no último trimestre do ano, o xustificante do ingreso efectuado á Axencia Tributaria e/ou á Seguridade Social do importe retido poderá presentarse ata o día 20 de xaneiro de 2026.

As facturas que teñan data posterior á da finalización do prazo de xustificación non serán admitidas.

- c) Memoria explicativa da actuación realizada, participantes ou beneficiarios e resultados obtidos, asinada electrónicamente polo/a Presidente/a da actividades desenvolta ou investimento executado.

No caso de que un mesmo gasto poida aplicarse a mais dunha axuda solicitada (tanto ao Concello de Meaño como a outras entidades) ou a mais dunha actividade, ou ben o mesmo non sexa aplicable ao 100% a actividade/ inversión/ gasto para o que se solicita a axuda, explicarse o método seguido para o cálculo do gasto imputado, por exemplo: no caso de atender a usuarios/ beneficiarios de varios concellos en atención a número de usuarios/ beneficiarios do Concello de Meaño; no caso de nóminas atendendo ao número de horas empregado polo traballador nas actividades subvencionadas; etc.

Os gastos de transporte, viaxes, etc que se deriven da participación en eventos, actuacións, xuntanzas, etc deberán xustificarse achegando ademais da documentación xeral establecida (facturas e xustificantes de pago): cartel, anuncio ou certificado expedido polo organizador no que figure a asociación/entidade, data e lugar do evento, xuntanza, etc.

- d) Declaración responsable, asinada electrónicamente, de non ter recibido outras subvencións de Administracións Públicas ou detalle do financiamento obtido para a finalidade subvencionada e declaración responsable de que os ingresos obtidos non superan o custo da mesma. (Anexo IV)
- e) Certificacións acreditativas de estar ó corrente das súas obrigas tributarias (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e de non ter débedas, de ningún tipo, co Concello de Meaño.
- f) Acreditación da difusión dada a subvención concedida coa declaración da Asociación, entidade ou club de darlle difusión á actividade, actuación ou investimento subvencionado, facendo constar a colaboración do Concello de Meaño (Vestuario, notas de prensa, material de divulgación, papelería, lonas publicitarias, páxina web e redes sociais de asociación, etc.)

A publicidade deberá estar contextualizada en relación coa axuda concedida e acreditar a realidade da difusión realizada (Anexo IV).

- g) Certificación bancaria na que conste a conta bancaria da asociación.
- h) Acreditación de ter realizado o pago, nos termos sinalados na cláusula décima.e).



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

i) Acreditación de contar co seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago.

En caso de que a documentación presentada non cumpra cos requisitos sinalados ou sexa insuficiente, farase un único requirimento para que no prazo improrrogable de 10 días se complete a documentación presentada. Pasado este prazo sen emendar os defectos notificados darase a subvención por non xustificada ou parcialmente xustificada, en función da natureza do defecto non emendado.

O aboamento da subvención practicarase directamente á asociación na conta bancaria indicada por esta.

DÉCIMO PRIMEIRA.— DEVOLUCIÓN E REINTEGRO.

As axudas concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas polas entidades beneficiarias nos seguintes casos:

- a) Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- b) Por non aplicala aos fins para os que foi concedida.
- c) Incumprimento das obrigas de adoptar as medidas de difusión.
- d) Resistencia, escusa ou obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control.
- e) Por incumplir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.
- f) Non declarar no modelo 347 a axuda recibida do Concello de Meaño, no caso de estar obrigada á súa declaración atendendo á normativa tributaria.

As responsabilidades anteriormente citadas esixiranse de acordo co procedemento previsto na lexislación vixente. Así mesmo, o reintegro das cantidades efectuarase de acordo co procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

DÉCIMO SEGUNDA.— DEREITO SUPLETORIO.

Para o non establecido nas presentes bases, contemplarase o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación aplicable.

DECIMO TERCEIRA.— RECLAMACIONES.

Contra o acordo da aprobación destas bases que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación (ao abeiro dos artigos 114, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso -administrativo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Pontevedra segundo o disposto nos artigos 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estimen convinte

DECIMO CUARTA.—

O Concello de Meaño poderá consultar e/ou poñer en coñecemento da Axencia Tributaria, da Seguridade Social ou de calquera outro organismo/ administración competente, as dúbidas ou incidencias que xurdan en relación coas facturas, nóminas e/ou pagos que se presenten para a xustificación das subvencións concedidas.

ANEXOS.—

Todos os anexos referidos nestas bases para a solicitude e a xustificación destas subvencións serán a través da páxina web de concello de Meaño *www.concellodemearno.com*."



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

**CONCELLO DE MEAÑO SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE MEAÑO.
ANEXO I**

1.- DATOS DO SOLICITANTE:

D/Dª....., con DNI....., na súa condición de PRESIDENTE/A de..... (Nome da Asociación)

....., con C.I.F. e domicilio en Concello Código Postal....., Teléfono Fax E-mail en representación da mesma, EXPON:

2.- Que á vista da convocatoria das axudas do Concello de Meaño para, publicada no BOP de Pontevedra nº ___ de ____ MANIFESTA que reúne todos os requisitos establecidos nas bases reguladoras das axudas.

3.- Que por medio da presente, e ao abeiro do citado programa de axudas, fórmulase a seguinte SOLICITUDE de subvención:

AMBITO/LIÑA.....

PROXECTO/ACTIVIDADE/INVESTIMENTO.....

Orzamento da actividade/investimento..... €

Subvención solicitada..... €

INFORMACIÓN/MEMORIA DO PROXECTO/ACTIVIDADE/INVESTIMENTO:

MESES DE REALIZACIÓN DA	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	D
ACTIVIDADE / INVESTIMENTO: (Marcar cun X)												
HORARIO:												
LUGAR:												
OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE (XERAL / ESPECÍFICOS):												
ACTUACIÓNS E TAREFAS A LEVAR A CABO:												



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

ORZAMENTO DESGLOSADO:

3.- DOCUMENTACION: que, de acordo co previsto nas bases reguladoras, achega a seguinte documentación :

En, de.....de

O/A Presidente/a (sinatura electrónica)



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

ANEXO II SUBVENCIONS do CONCELLO DE MEAÑO

D/Dª....., con DNI..... en
calidade de Presidente/a, D./Dª....., con DNI.....
en calidade de Secretario/a e D./Dª....., con DNI.....
en calidade de Tesoureiro/a da
Asociación....., con
CIF..... e enderezo en do Concello de.....
En relación coa solicitude de subvención
para.....

DECLARAN:

a.- Esta Asociación, Entidade, Club carece de fins de lucro

b.- A esta Asociación (Márquese o que proceda),

☐ Non se lle concederon outras axudas ou subvencións procedentes de Organismos Públicos
e/ou entidades privadas para a mesma finalidade.

☐ Si se lle concederon, procedentes de Organismos Públicos e/ou entidades privadas, as
seguintes axudas ou subvencións, para a mesma finalidade:

Relación de axudas solicitadas	Importe
Relación de axudas concedidas	Importe

Asemade, esta Asociación, Entidade, Club asume o compromiso de comunicar as que se obteñan
nun futuro

Os participantes ou beneficiarios desta actividade ou investimento (Márquese o que proceda):

☐ Non participan no financiamento

☐ Si participan no financiamento, prevéndose uns ingresos de..€.

c.- Esta Asociación, Entidade, Club comprométese a completar o financiamento da actividade/
investimento así coma a facerse responsable de cumprir estritamente toda a lexislación aplicable e
ademais a asumir os riscos que poderían xurdir con ocasión da execución da actividade /investimento
para a que se solicita subvención.

d.- Esta Asociación, Entidade, Club non se atopa incurso en ningunha das causas de incapacidade,
incompatibilidade nin en ningunha das prohibicións das enumeradas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17
de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 10.2º da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de
Galicia e cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario das subvencións
establecidas ou xestionadas pola Administración Pública e en concreto do Concello de Meaño e
coñezo e acepto as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de dar cumprimento ás
condicións da subvención.

e.- Esta Asociación, Entidade, Club está o corrente coas súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal
Tributaria e coa Facenda Galega, coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co
Concello de Meaño.

f.- Esta Asociación, Entidade, Club conta con seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu
pago.

E para que así conste perante o Concello de Meaño, ós efectos da subvención a conceder por esa
Institución, suscribo a presente, en de.....de

O/A Presidente/a (sinatura electrónica) O/A Secretario/a

O/A Tesoureiro/a



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

ANEXO III SUBVENCIONS DO CONCELLO DE MEAÑO

D./D^a....., Secretario/a da Asociación....., en virtude da
Asamblea Xeral de data.....

CERTIFICO:

Que na Asamblea Xeral celebrada o díaresultaron elixidos como membros da Xunta
directiva desta Asociación, cos seguintes cargos (nome e DNI):

-.....
-.....
-.....
-.....
-.....
-.....

ostentando actualmente o cargo.

E para que así conste e para os efectos de unir ao expediente de solicitude de subvención do
Concello de Meaño, expido e asino a presente, co visto bo do Sr/a. Presidente/a en Meaño
a.....

O/A Presidente/a (sinatura electrónica) O/A Secretario/a



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

ANEXO IV. CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE MEAÑO

D/Dª....., con DNI..... en calidade de Presidente/a, D./Dª....., con DNI..... en calidade de Secretario/a e D./Dª....., con DNI..... en calidade de Tesoureiro/a da Asociación....., con CIF..... e enderezo en do Concello de

DECLARAN:

Que para actividade/investimento de..... para a que recibiu unha subvención de.....€, realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

Nº	Provedor/Empresa	C.I.F	N.º FRA	Data emisión	CONCEPTO	Data de pago	IMPORTE BRUTO
TOTAL							

b) Que os gastos que arriba se detallan, son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.

c) Que a Asociación fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Meaño, para a actividade/ou investimento subvencionado, facendo constar a colaboración do Concello de Meaño.

d) Que todos os documentos recollidos na presente conta atópanse a disposición do Concello de Meaño, no local social da Asociación, aos efectos da súa posible comprobación.

e) A esta Asociación (Márquese SI/NON segundo proceda):

___ Non se lle concederon outras axudas ou subvencións procedentes de Organismos Público e/ou entidades privadas para a mesma finalidade.

___ Si se lle concederon, procedentes de Organismos Públicos e/ou entidades privadas, as seguintes axudas ou subvencións, para a mesma finalidade:

Relación de axudas concedidas (indicación da procedencia)	Importe

Os participantes ou beneficiarios desta actividade ou investimento (Márquese SI/NON segundo proceda):

___ Non participaron no financiamento

___ Si participaron no financiamento acadando un importe por estas achegas de€.

f) Respecto á actividade/ó investimento realizado, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións e das achegas dos participantes non superaron o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas tódalas achegas ó investimento subvencionado.

g) Que o investimento foi realizado acorde coa finalidade para a que se concedeu a subvención.

h) Que achega unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación do investimento realizado e os resultados obtidos.

i) Que se acompañan as facturas esixidas na Base 11ª, apartado 3 b, conformadas mediante sinatura dixital polo Presidente da Asociación e documentos acreditativos de ter efectuado o pago das mesmas, conforme se sinala na Base décima.e).

j) Que esta asociación conta con seguro de responsabilidade civil e ao corrente do seu pago.

k) A esta asociación atópase ao corrente das obrigas tributaria (do Estado e da Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ter débedas de ningún tipo co Concello de Meaño, o que se



Venres, 14 de agosto de 2026

Núm. 155

acredita mediante as correspondentes certificacións.

E para que así conste perante o Concello de Meaño, ós efectos da xustificación da subvención concedida, suscribo a presente, ende.....de

OS DECLARANTES,

O/A Presidente/a(sinatura electrónica) O/A Secretario/a
O/A Tesoureiro/a”

Meaño, o alcalde
Carlos Vieitez Fernández

Documento asinado dixitalmente ao marxe

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:QVIF0704R84TRL7

